

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 30 de xullo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, en suplencia d vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1.- SECRETARÍA XERAL DO PLENO.- Tomouse razón da renuncia do presidente e da secretaria do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo e efectuouse proposta de nomeamento dos seus substitutos/as (2025/G004/000440).

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

2.- PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Aprobouse o proxecto da Ordenanza Xeral do Cemiterio de Mascotas do Concello de Lugo.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Concedeuse a licenza urbanística para rehabilitación integral de edificio en rúa da Cruz, 13 (Expte: 2024/Y001/000071).

4.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse:

- Modificar o contrato relativo á subministración e implantación dunha plataforma de xestión integral dos servizos sociais do concello de Lugo dentro da estratexia Dusei Muramiñae da Muralla ao Miño, Código de proxecto: 16DUSI001 incluído no programa operativo FEDER Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. Ref. 2022-C004-000021.

- Adxudicar a contratación da obra de acondicionamento e mellora de estrada en Brea (Tirimol), Liñar (Vilachá de Mera) e nas proximidades do centro social de Calde. Obra incluída no plan da Deputación. Exp. ref.: 2025/C002/000013.

- Adxudicar a contratación das obras de acondicionamento de aparcadoiro público

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac1121094388009956880.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-7-2025

en Rof Carballo. Exp. Ref.: 2025/C002/000003.

- Adxudicar a contratación - mediante catro lotes - do alugueiro de casetas "stand" para a instalación de postos de venda en San Froilán dos anos 2025 e 2026: postos avenida Rodríguez Mourelo (lote 1), postos rúa Puro Cora (lote 2), postos avenida Dr. García Portela (lote 3) e postos praza Maior (lote 4). Exp. 2025-c004-000017.

- Efectuar delegación de competencias na tenente delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación e autorización de dominio público relativos ás festas do San Froilán 2025.

- Efectuar delegación de competencias no Excmo. Sr. Alcalde para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación de servizos de colaboración coa Intervención municipal do Concello de Lugo nas actuacións de auditoría pública e control financeiro de subvencións e doutros traballos de colaboración incluídos nos plans anuais de control financeiro. Exp. Ref. 2025-c003-000036.

<i>Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.</i>
